

O banqueiro anarquista

Fernando Pessoa

Tradución de Xoán Montero

Tan regrada, regular e organizada é a vida social portuguesa que máis parece que somos un exército do que unha nación de xente con existencias individuais. Nunca o portugués ten unha nación de seu, quebrando co medio, virando as costas aos veciños. Actúa sempre en grupo, sente sempre en grupo, pensa sempre en grupo. Está sempre á espera dos outros para todo.

Somos incapaces de revolta e de axitación. Cando fixemos unha “revolución” foi para implantar algo igual ao que xa estaba. Manchamos esa revolución coa brandura coa que tratamos aos vencidos. E non nos chegou unha guerra civil, que nos espertase; non nos chegou unha anarquía, unha perturbación das consciencias. Quedamos miserabelmente os mesmos disciplinados que eramos.

Traballemos polo menos —nós, os novos— por perturbar as almas, por desorientar os espíritos. Cultivemos, en nós mesmos, a desintegración mental como unha flor prezada. Construamos unha anarquía portuguesa.

FERNANDO PESSOA

O Jornal, 8-4-1915 (extractos)

Tiñamos acabado de cear. En fronte, o meu amigo o banqueiro, gran comerciante e acaparador notábel, fumaba e fumaba, coma quen non pensa. A conversa, que fora amortecendo, xacía morta entre nós. Procurei reanimala, sen pensar, servíndome dunha idea que me pasou pola cabeza. Dei un xiro cara a el, sorrindo.

—Por certo, dixéronme fai uns días que vostede, en tempos, foi anarquista...

—Fun, non; fun e son. Non mudei respecto a iso. Son anarquista.

—Esa si que é boa! Vostede anarquista! En que sentido é vostede anarquista?...

Só se vostede dá á palabra un sentido diferente...

—Do habitual? Non, non llo dou. Emprego a palabra non sentido habitual.

—Quere vostede dicir entón, que é anarquista do mesmo xeito que son anarquistas eses tipos das organizacións sindicais? É dicir, entre vostede e eses tipos que pon bombas e dos sindicatos non existe ningunha diferenza?

—Diferenzas, o que se di diferenzas, hai... Claro que hai diferenzas. Mais non as que vostede pensa. Vostede pensa que as miñas teorías sociais defiren das deles?...

—Ah, xa entendo! Vostede, con respecto ás teorías é anarquista, con respecto á práctica...

—Con respecto á práctica son tan anarquista como con respecto ás teorías. E, respecto á práctica, son máis, son moito máis anarquista ca eses tipos que vostede citou. Toda a miña vida o demostra.

—Como?

—Toda a miña vida o demostra, meu amigo. O que pasa é que vostede nunca lle prestou a estas cousas a suficiente atención. Por iso lle parece que estou dicindo unha estupidez, ou que é unha brincadeira.

—Perdoe, pero non entendo nada!... A non ser..., a non ser que vostede xulgue a súa vida disolvente e antisocial e dea ese sentido ao anarquismo...

—Xa lle dixen que non; e dicir, xa lle dixen que non lle dou á palabra anarquismo un sentido diferente do habitual.

—Está ben... Sigo sen entender... Vostede perdoe, quéreme dicir que non existe diferenza entre as súas teorías verdadeiramente anarquistas e a práctica de súa vida —a práctica da súa vida tal e como ela é agora? Vostede quere que eu pense que ten unha vida exactamente igual á dos tipos que habitualmente son anarquistas?

—Non, non é iso. O que eu quero dicir é que entre as miñas teorías e a práctica da miña vida non existe ningunha diverxencia, mais si unha conformidade absoluta.

Que non teño unha vida coma a dos tipos dos sindicatos e das bombas é certo; pero é a súa vida a que está fóra do anarquismo, fóra dos seus ideais. A miña non. En min, —si, en min, banqueiro, gran comerciante, acaparador se quere—, en min a teoría e a práctica do anarquismo están unidas e ambas son certas. Vostede comparoume con eses parvos dos sindicatos e das bombas para indicar que defiro deles. Defiro si, pero a diferenza é esta: eles (si, eles e non eu) son anarquistas só na teoría; eu sono na teoría e na práctica. Eles son anarquistas e estúpidos, eu anarquista e intelixente. É dicir, meu amigo, eu si son o verdadeiro anarquista. Eles —os dos sindicatos e das bombas (eu tamén estiven aí e de aí saín xustamente polo meu verdadeiro anarquismo)— eles son o lixo do anarquismo, “as mulleres” da grande doutrina libertaria.

—Quen o diría! É asombroso! Pero como concilia vostede a súa vida —quero dicir a súa vida bancaria e comercial— coas teorías anarquistas? Como o concilia vostede, se di que por teorías anarquistas entende exactamente o mesmo que entenden os anarquistas habituais? E, aínda por riba, dime que difire destes por ser máis anarquista ca eles, non?

—Xusto.

—Non entendo nada.

—Pero, realmente quere entender?

—Nada me gustaría máis.

Tirou o puro da boca. Xa se apagara. Acendeuno de novo, lentamente; fitou o fósforo que se extinguía; deixouno caer suavemente no cincheiro; despois, erguendo a cabeza, que tiña levemente inclinada, dixo:

—Mire. Nacín do pobo e da clase obreira da cidade. De meu non herdei, como pode imaxinar, nin a condición, nin as circunstancias. Só tiven a sorte de ter unha intelixencia lúcida por natureza e unha vontade máis ou menos forte; algo que o meu baixo nacemento non puido evitar.

Fun obreiro, traballei, vivín unha vida apertada; fun, en resumo, o que a maioría da xente é naquel medio. Non digo, en absoluto, que pasase fame, mais non estiven lonxe. Por outra banda, aínda que a pasase, non mudaría nada do que veu a seguir, ou do que lle vou a expor. Nin do que foi a miña vida; nin do que esta é agora.

Fun un simple obreiro, a fin de contas; coma todos, traballaba porque tiña que traballar, e traballaba o menos posíbel. Eu, o que si, era intelixente. Sempre que podía, lía cousas, discutía cousas e, como non era parvo, naceu en min unha grande insatisfacción e unha grande sublevación contra o meu destino e contra as condicións sociais que así o facían. Xa lle dixen que, de certo, o meu destino podía ter sido peor do que foi; mais naquela altura eu pensaba que era un ente a quen a Sorte fixera todas as inxustizas xuntas, e que se servira das convencións sociais para mas facer. Andaba eu por volta dos vinte anos —vinte e un no máximo— que foi cando me fixen anarquista.

Parou un momento. Xirou un pouco máis cara a min. Continuou, inclinándose un pouco máis.

—Sempre fun máis ou menos intelixente. Sentínme insubmiso. Quixen comprender a miña sublevación. Dei en anarquista consciente e convicto —o anarquista consciente e convicto que hoxe son.

—E a teoría que vostede ten hoxe, é a mesma que tiña daquela?

—A mesma. A teoría anarquista, a verdadeira teoría, só é unha. Teño a que sempre tiven, desde que me fixen anarquista; xa vai ver... Ía dicindo que, como era intelixente de meu, dei en anarquista consciente. Mais, que é un anarquista? É un insubmiso contra a inxustiza de nacermos desiguais *socialmente* —no fondo, só é iso. E de aí resulta, como se pode ver, a insubmisión contra as convencións sociais que fan esa desigualdade posíbel. O que lle estou indicando agora é o camiño psicolóxico; é dicir, como a xente dá en anarquista; xa imos á parte teórica do asunto. Por agora, comprenda ben cal sería a insubmisión dun tipo intelixente nas miñas circunstancias. Que ve no mundo? Un nace fillo dun millonario, protexido desde o berce contra aqueles infortunios —e non son poucos— que o diñeiro pode evitar ou atenuar; outro nace miserábel, para ser, na infancia, unha boca máis nunha familia onde sobran bocas para a comida que pode haber. Un nace conde ou marqués, e ten por iso a consideración de todo o mundo, faga o que fixer; outro nace así coma min, e ten que andar dereitiño coma vara para ser, polo menos, tratado de xente. Uns nacen en tais condicións que poden estudar, viaxar, instruírse —facerse (por así dicilo) máis intelixentes ca outros que xa o son de seu. E o mesmo ocorre, con todo o demais...

Ben, as inxustizas da Natureza non as podemos evitar; pero as da sociedade e as das súas convencións, por que non evitalas? Acepto —pois non teño outro remedio—

que un home sexa a min polo que a Natureza lle deu —o talento, a forza, a enerxía; mais non acepto que sexa superior por atributos postizos, cos que non saíu do ventre da nai, senón que lle viñeron de chorra despois de ter nacido— a riqueza, a posición social, a vida facilitada, etc. O meu anarquismo de entón naceu da sublevación por estas consideracións; o anarquismo que, como xa lle dixen, manteño hoxe sen alteración ningunha.

Parou outra vez un momento, como para pensar o xeito de proseguir. Fumou e soltou o fume lentamente, para o lado oposto ao meu. Xirouse, ía continuar. Eu, porén, interrompino.

—Unha pregunta, por curiosidade... Por que se fixo vostede xustamente anarquista? Podería facerse socialista, ou calquera cousa avanzada que non fose tan lonxe. Todo isto estaba dentro da súa sublevación... Deduzo do que dixeo que, por anarquismo, entende (e considero que está ben como definición do anarquismo) a sublevación contra todas as convencións e fórmulas sociais e o desexo e esforzo para a abolición das mesmas...

—Iso mesmo.

—Por que escolleu esta fórmula extrema e non se decantou por outra... das intermedias?

—Xa llo conto. Meditei todo iso. Claro está que nos folletos que lía, vía todas esas teorías. Escollín a teoría anarquista —a teoría extrema como vostede moi ben di— polas razóns que lle vou dicir en dúas palabras.

Fitou a nada durante un momento. Despois xirouse cara a min.

—O mal verdadeiro, o único mal, son as convencións e as ficcións sociais, que se sobrepoñen ás realidades naturais —todo, desde a familia ao diñeiro, desde a relixión ao estado. A xente nace home ou muller— quero dicir, nace para ser, cando adulto, home ou muller; non nace, por natureza, nin para ser marido, nin para ser rico ou pobre, como tampouco nace para ser católico ou protestante, ou portugués ou inglés. E todas estas cousas en virtude das ficcións sociais. Mais, por que son malas esas ficcións sociais? *Por que son ficcións, por que non son naturais*. Tan malo é o diñeiro como o Estado, a constitución da familia como as relixións. Se houbese outras, que non fosen estas, serían igualmente malas, *porque tamén serían ficcións*, porque tamén se

sobreporían e estorbarían ás realidades naturais. Agora ben, calquera sistema que non sexa o puro sistema anarquista, que queira a abolición de todas as ficcións e de cada unha delas por completo, *é unha ficción tamén*. Empregar todo o noso desexo, todo o noso esforzo, toda a nosa intelixencia para implantar, ou contribuír á implantación, dunha ficción social no canto doutra, é un absurdo, cando non un crime, *porque é facer unha perturbación social co fin último de deixar todo igual*. Se considerarmos inxustas as ficcións sociais, porque esmagan e oprimen o que é natural no home, para que empregamos o noso esforzo en substituílas por outras, se o podemos empregar para as destruír a todas?

Ao meu parecer, isto é convincente. Pero supoñamos que non o é; supoñamos que nos obxectan que isto si é verdade, pero que o sistema anarquista non é realizábel na práctica. Analicemos pois esa parte do problema.

Por que non sería realizábel o sistema anarquista? Nós, todos os progresistas, partimos do principio, non só de que o actual sistema é inxusto, senón de que hai vantaxe, porque hai xustiza, en substituílo por outro máis xusto. Se non pensamos así, non somos progresistas, senón burgueses. Pero, de onde vén este criterio de *xustiza*? Do que é *natural e verdadeiro*, en oposición ás ficcións sociais e ás mentiras da convención. Pero o que é natural é o que é realmente natural, non o que é a metade, ou un cuarto, ou un oitavo de natural. Moi ben. Pero, unha de dúas: ou o natural é realizábel socialmente ou non o é; noutras palabras, ou a sociedade pode ser natural, ou a sociedade é esencialmente ficción e non pode ser natural de maneira ningunha. Se a sociedade pode ser natural, entón pode existir a sociedade anarquista, ou libre, e debe existir, porque é ela a sociedade realmente natural. Mais se (por algunha razón que non importa) a sociedade ten que ser obrigatoriamente ficción, fagámola, polo menos —dentro desa ficción inevitábel— o máis natural posíbel para, por iso mesmo, ser o máis xusta posíbel. Cal é a ficción máis natural? Ningunha é natural en si, porque é ficción; a máis natural, neste caso, será aquela que *pareza* máis natural, que se *sinta* como máis natural. Cal é a que parece máis natural, ou que sentimos como máis natural? Aquela á que estamos habituados. (Comprende: o que é natural é instintivo; e o que, non sendo instintivo, parece propio do instinto, é o hábito. Fumar non é natural, non é unha necesidade do instinto, pero se nos habituarmos a fumar, pasa a ser natural, pasa a ser sentido como unha necesidade do instinto). Mais, cal é a ficción social que constitúe un hábito noso? O actual sistema, o sistema burgués. Temos pois, en boa

lóxica que, ou consideramos posíbel a sociedade natural, e seremos defensores do anarquismo; ou non a xulgamos posíbel, e seremos defensores do réxime burgués. Non existe hipótese intermedia. Compreendeu?...

—Si, señor: iso é concluínte.

—Aínda non é o suficientemente concluínte... Aínda hai outra obxección, do mesmo xénero, que resolver... Pódese pensar que o sistema anarquista é realizábel, pero pódese dubidar que este sexa realizábel *de súpeto*; é dicir, que se poida pasar da sociedade burguesa para a sociedade libre sen haber un ou máis estados ou réximes intermedios. Quen fixer esta obxección acepta como boa, e como realizábel, a sociedade anarquista; mais opina que ten que haber algún estado de transición entre a sociedade burguesa e esta.

De acordo, supoñamos que así é. Que é ese estado intermedio? O noso fin é a sociedade anarquista, ou libre; ese estado intermedio só pode ser, xa que logo, un estado de preparación da humanidade para a sociedade libre. Esa preparación, ben é material, ben simplemente mental; é dicir, ou é unha serie de realizacións materiais ou sociais que van adaptando a humanidade para a sociedade libre, ou é unha simple propaganda gradualmente crecente e influínte, que a vai preparando *mentalmente* para desexala e aceptala.

Vexamos o primeiro caso, o da adaptación gradual e material da humanidade para a sociedade libre. É imposíbel. É máis ca imposíbel: é absurdo. Só existe adaptación material de algo *xa existente*. Ningún de nós se pode adaptar materialmente ao medio social do século vinte e tres, mesmo que saiba como este será; e non se pode adaptar materialmente porque o século vinte e tres e o seu medio social non existen *materialmente* polo de agora. Así, chegamos á seguinte conclusión: na pasaxe da sociedade burguesa para a sociedade libre, a única parte que pode haber de adaptación, de evolución ou de transición é *mental*, é a gradual adaptación dos espíritos á idea da sociedade libre... En calquera caso, no campo da adaptación material, aínda hai unha hipótese...

—Arre con tanta hipótese!

—Meu amigo, o home intelixente ten que examinar todas as obxeccións posíbeis e refutalas, antes de se dicir seguro da súa doutrina. E, teñamos en conta, que todo isto é para responder á pregunta que me fixo...

—Está ben.

—No campo da adaptación material, como dicía, aínda hai outra hipótese: a denominada ditadura revolucionaria.

—Ditadura revolucionaria?

—Como lle expliquei, non pode haber adaptación material a unha cousa que non existe, materialmente, aínda. Mais se, por un movemento brusco, se fíxese a revolución social, quedaría implantada xa, non a sociedade libre (porque para esa a humanidade aínda non está preparada), pero si unha ditadura daqueles que queren implantar a sociedade libre. Pero existiría xa, aínda que en esbozo ou en comezo, habería xa *materialmente* algo da sociedade libre. Habería, xa que logo, algo material ao que a sociedade se adaptase. Este é o argumento que defenderían os ignorantes partidarios da ditadura do ‘proletariado’ se fosen capaces de argumentar ou de pensar. O argumento, como é obvio, non é deles, senón meu. Póño, como obxección, a min mesmo. E, como lle vou demostrar, é falso.

Un réxime revolucionario, mentres existe, e sexa cal for o fin ou idea que o conduce, é, *materialmente*, unha única cousa: un réxime revolucionario. Pero un réxime revolucionario quere dicir unha ditadura de guerra ou, no verdadeiro sentido da palabra, un réxime militar despótico, porque o estado de guerra é imposto á sociedade por unha parte dela —aquela parte que asumiu de xeito revolucionario o poder. Que resulta de aquí? Que quen se adaptar a ese réxime, como a única cousa que é *materialmente, inmediatamente* —un réxime militar despótico— adáptase a un réxime militar despótico. A idea, que conduciu aos revolucionarios, o seu fin, desapareceu por completo da *realidade* social, ao estar totalmente absorbida polo fenómeno guerreiro. De modo que o que resulta dunha ditadura revolucionaria —e canto máis dure máis se poderá constatar— é unha sociedade guerreira de tipo ditatorial; é dicir, un despotismo militar. Aínda que quixese, non podería ser outra cousa. Sempre foi así. Non sei moita historia, mais o que sei coincide con isto; non podería ser doutro xeito. Que saíu das axitacións políticas de Roma? O imperio romano e o seu despotismo militar. E da Revolución Francesa? Napoleón e o seu despotismo militar. E xa verá o que sae da Revolución Rusa... Algo que vai atrasar decenas de anos a realización da sociedade libre... Pero, por outra banda, que se pode esperar dun pobo de analfabetos e de místicos?

En fin, isto xa se desmarca do noso tema... Entendeu o meu argumento?

—Perfectamente.

—Comprende entón a miña conclusión, o meu fin último: a sociedade anarquista, a sociedade libre; e o medio: a pasaxe, *sen transición*, da sociedade burguesa para a esta última. Esta pasaxe sería preparada e faríase posíbel grazas a unha propaganda intensa, completa, absorbente, de xeito que se predispoñan todos os espíritos e enfraquezan todas as resistencias. Loxicamente, por “propaganda”, non entendo só a palabra escrita e falada: entendo todo, acción directa ou indirecta, canto pode predispor para a sociedade libre e enfraquecer a resistencia á súa chegada. Así, sen case resistencia que vencer, a revolución social, cando chegase, sería rápida, fácil, e non tería que establecer ningunha ditadura revolucionaria, ao non ter contra quen aplicala. Se isto non pode ser así, o anarquismo é irrealizábel; e, se así for, só é defendíbel e xusta, como xa lle demostrei, a sociedade burguesa.

Aí ten vostede o porqué e como me fixen anarquista, e o porqué e como rexeitei, como farsas e artificiais, as outras doutrinas sociais de menor ousadía.

Pois ben... continuemos entón coa miña historia.

Prendeu un fósforo e acendeu mainamente o puro. Concentrouse e, ao pouco, proseguiu:

—Había outros rapaces que compartían a miña opinión. A maioría eran obreiros, pero outros non o eran; o que si, todos eramos pobres e, que lembre, non eramos estúpidos de todo. Tiñamos vontade de aprender, de saber cousas e, ao mesmo tempo, queríamos facer propaganda, difundir as nosas ideas. Queríamos para nós e para os outros —para a humanidade enteira— unha sociedade nova, libre de todos estes prexuízos, que provocan desigualdades de maneira artificial e impón inferioridades, sufrimentos, estreitez, que a Natureza non impuxera. O que lía, verificaba estas opinións. Dos libros libertarios baratos —os que había daquela, e xa eran bastantes— lín case todo. Fun a conferencias e reunións dos propagandistas da época. Cada libro e cada discurso convencíame máis do acerto e da xustiza das miñas ideas. O que pensaba daquela —repítollo meu amigo— é o que penso hoxe; a única diferenza é que daquela só o pensaba, e hoxe pénsoo e practícoo.

—Perfecto, polo de agora está moi ben. É lóxico que se fixera anarquista e, realmente vexo que era anarquista. Non preciso máis probas diso. O que quero saber é

como de aí saíu o banqueiro..., como saíu de aí sen contradición... É dicir, máis ou menos xa imaxino...

—Non, non imaxina ren... Sei o que quere dicir... Vostede baséase nos argumentos que vén de ouvir, e xulga que considerei o anarquismo irrealizábel e por iso —como lle dixen, só defendíbel e xusta a sociedade burguesa— pensou que era burgués. Certo?

—Si, imaxinei que fose máis ou menos iso...

—Pero, como podería selo se, desde o comezo da conversa, lle dixen e repetín que son anarquista, que non só o fun senón que o sigo sendo? Se me fixese banqueiro e comerciante pola razón que imaxina, non sería anarquista, sería burgués.

—Si, ten razón... Mais entón, como diaño...? Ben, continúe...

—Como lle dixen, era (fun sempre) máis ou menos intelixente, así como tamén un home de acción. Esas son condicións naturais, non mas puxeron no berce (se é que o tiven), fun eu quen as levou para este. Pois ben, sendo anarquista, resultábame insoportábel selo só de xeito pasivo, só para ouvir discursos e falar diso cos amigos. Non, precisaba facer algo! Precisaba traballar e loitar pola causa dos oprimidos e das vítimas das convencións sociais! Decidín arrimar o ombreiro, dentro das miñas posibilidades. Matinei o xeito de eu ser útil á causa libertaria. Tracei o meu plan de acción.

Que quere o anarquista? A liberdade. A liberdade para si e para os outros, para a humanidade enteira. Quere estar libre da influencia ou da presión das ficcións sociais; quere ser libre como cando veu ao mundo, que é como por lei debe ser; e quere esa liberdade para si e para os outros. Non todos poden ser iguais aos ollos da natureza: uns nacen altos, outros baixos; uns fortes, outros fracos; uns máis intelixentes, outros menos... Pero todos poden ser iguais a partir de aí; só o impiden as ficcións sociais. Son estas as que deben ser destruídas.

Era necesario destruílas... Non, non esquezo o máis importante, era necesario destruílas *pero en proveito da liberdade*, e tendo sempre en vista a creación da sociedade libre. Porque iso de destruír as ficcións sociais tanto pode ser para crear liberdade, ou preparar o camiño da liberdade, como para establecer outras ficcións sociais diferentes, malas do mesmo xeito polo feito de ser ficcións. Isto era importante. Era necesario acertar cun proceso de acción, sen importar a súa violencia ou a súa non-

violencia (porque contra as inxustizas sociais todo era lexítimo), grazas ao que se contribuíse para destruír as ficcións sociais sen, ao mesmo tempo, impedir a creación da liberdade futura, e mesmo creando, se fose posíbel, algo da liberdade futura.

Resulta obvio que esta liberdade, esmerada en non impedir, é a *liberdade futura* e, na actualidade, a *liberdade dos oprimidos polas ficcións sociais*. Claro está que non temos que velar pola ‘liberdade’ dos poderosos, dos ben situados, de todos os que representan as ficcións sociais e teñen vantaxes nelas. Esa non liberdade; é a liberdade de tiranizar, que é o contrario da liberdade. Esa, pola contra, debíamola impedir e combater. Paréceme que isto está claro...

—Clarísimo. Continúe...

—Para quen quere a liberdade o anarquista? Para toda a humanidade. E cal é a maneira de conseguir a liberdade para toda a humanidade? Destruír por completo todas as ficcións sociais. E como se poden destruír por completo todas as ficcións sociais? Xa lle anticipei a explicación cando, por causa da súa pregunta, cuestionei os outros sistemas progresistas e lle expliquei como e porqué era anarquista... Lembra a miña conclusión?

—Lembro...

—... Unha revolución social súbita, brusca, esmagadora, facendo que a sociedade pase, dun chimp, do réxime burgués para a sociedade libre. Unha revolución social preparada por un traballo intenso e continuo, de acción directa e indirecta, tendente a dispor todos os espíritos para a chegada da sociedade libre e, enfracando até o estado de coma todas as resistencias da burguesía. Escuso de lle repetir as razóns que levan inevitabelmente a esta conclusión, dentro do anarquismo; xa llas dixen e xa as comprendeu.

—Certo.

—Esa revolución sería preferibelmente mundial, simultánea en todos os puntos, ou nos puntos importantes, do mundo; ou, non sendo así, partiría rapidamente duns para outros, pero, en calquera caso, en cada punto, é dicir, en cada nación, de xeito fulminante e completo.

Moi ben, que podía facer para acadar ese fin? Eu, só, non podería facer nada para acadar esa revolución mundial, mesmo sería incapaz de facer unha revolución completa no meu barrio. Podería iso si, traballar con todas as miñas ansias, para facer a preparación desa revolución. Xa lle expliquei como: combatendo, por todos os medios

accesíbeis, as ficcións sociais; sen dificultar nunca, ao facer ese combate ou a propaganda da sociedade libre, nin a liberdade futura, nin a liberdade presente dos oprimidos e, creando ao tempo, se for posíbel, algo da futura liberdade.

Tragou fume; fixo unha breve pausa e recomezou.

—Aquí, meu amigo, puxen a miña intelixencia en acción. Traballar para o futuro está ben, pensei; traballar para que os outros teñan liberdade, é perfecto. Pero, que pasa comigo? Non son ninguén? Se fose cristián, traballaría alegremente polo futuro dos outros, porque obtería a miña recompensa no ceo; pero, por outra banda, se fose cristián, non sería anarquista, porque entón as tais desigualdades non terían importancia na nosa curta vida: serían só condicións da nosa proba recompensadas coa vida eterna. Pero non era cristián, como, de feito, non o son, e preguntábame: por quen me vou sacrificar nisto todo? E aínda máis: *por que* razón me vou sacrificar?

Tiven momentos de descrenza; e comprenderá que fose xustificada... Son materialista, pensaba; non teño máis vida ca esta; para que romper a cabeza con propagandas e desigualdades sociais e outras historias, cando podo gozar e entreterme moito máis se me despreocupo delas? Quen ten só esta vida, quen non cre na vida eterna, quen non admite máis lei cá Natureza, quen se opón ao Estado porque el non é natural, ao casamento por non ser natural, ao diñeiro por non ser natural, a todas as ficcións sociais por non seren naturais, por que raio defende o altruísmo e o sacrificio polos outros, ou pola humanidade, se o altruísmo e o sacrificio tampouco son naturais? Si, a mesma lóxica que me aprende que un home non nace para casar, ou para ser portugués, ou para ser rico ou pobre, apréndeme tamén que el non nace para ser *solidario*, senón que nace para ser el propio e, polo tanto, o contrario de altruísta e solidario, ou o que é o mesmo, exclusivamente egoísta.

Reflexionei sobre esta cuestión. Non esquezas, dicía para min, que nacemos pertencentes á especie humana e que temos o deber de ser solidarios con todos os homes. Pero, a idea de ‘deber’ era natural? De onde viña esta idea de ‘deber’? Se esta idea de deber me obrigaba a sacrificar o meu benestar, a miña comodidade, o meu instinto de conservación e outros instintos meus naturais, en que diverxía a acción desa

idea da acción de calquera ficción social que nos producía exactamente o mesmo efecto?

Esta idea de deber, isto da solidariedade humana, só se podía considerar natural *se trouxese consigo unha compensación egoísta*, xa que entón, aínda que nun primeiro momento contrariase o egoísmo natural, dábaselle despois unha compensación e, a final de contas, non significaba ir en contra deste. Sacrificar un pracer, simplemente por sacrificalo, non é natural, sacrificar un pracer por outro, xa forma parte da nosa Natureza; é, a final de contas, escoller entre dúas cousas naturais que non se poden ter á vez. Pero que compensación egoísta, ou natural, podía dar-me a dedicación á causa da sociedade libre e da futura felicidade humana? Só a consecuencia do deber cumprido ou do esforzo para un bo fin; e ningunha destas cousas é unha compensación egoísta, ningunha delas é un pracer en si e, no caso de ser un pracer, sería nacido dunha ficción, como pode ser o pracer de ser inmensamente rico, ou o pracer de ter nacido nunha boa posición social.

Confésolle, meu amigo, que tiven momentos de descrenza... Sentínme infiel á miña doutrina, sentín que a traizoaba... Mais ao pouco tempo superei isto todo. A idea de xustiza estaba aquí, dentro de min, pensei. Sentíaa natural. Sentía que había un deber superior á miña preocupación que só incumbía ao meu destino. E continuei coa miña intención.

—Non me parece que esa decisión revelase unha grande intelixencia pola súa parte... Non resolveu a dificultade... Seguiu para diante por un impulso absolutamente sentimental...

—Sen dúbida. Pero o que lle estou a contar agora é a historia de como dei en anarquista, e de como continuei e continuo sendo. Estoulle a expor fielmente as indecisións e as dificultades que tiven, e como as vencín. É certo que, daquela, vencía a dificultade lóxica co sentimento e non co raciocinio. Pero verá que, máis tarde, cando cheguei á plena comprensión da doutrina anarquista, esta dificultade, até o momento, como é lóxico, sen resposta, tivo a súa completa e absoluta resolución.

—É curioso...

—Si... Agora déixeme continuar coa miña historia. Tiven esta dificultade e resolvíaa, mal que ben, como lle dixen. Despois, e na liña dos meus pensamentos, apareceu outra dificultade que tamén me atrapallou bastante.

Estaba ben —desde o meu punto de vista— que estivese disposto a sacrificarme sen ningunha recompensa propiamente persoal; é dicir, sen ningunha recompensa verdadeiramente *natural*. Mais supoñamos que a sociedade futura non chegase a ser o que eu esperaba, que nunca chegase a realizarse tal sociedade libre; para que diaño me estaba a sacrificar nese caso? Sacrificarse por unha idea sen recompensa persoal, sen gañar nada a cambio do meu esforzo, vale; pero sacrificarse sen polo menos ter a certeza de que aquilo polo que traballaba existise algún día, *sen que a propia idea gañase co meu esforzo*, iso era bastante máis forte... Xa lle digo agora que resolvín a dificultade polo mesmo proceso sentimental co que, anteriormente, resolvera a outra; pero tamén o advirto de que, do mesmo xeito cá outra, resolvín esta pola lóxica, de maneira automática, cando cheguei ao estado plenamente consciente do meu anarquismo... Veroa despois... Daquela saín do apuro cunha ou dúas frases carentes de sentido. ‘Eu facía o meu deber con respecto ao futuro; que o futuro fixese o mesmo con respecto a min...’ O mesmo, ou algo similar.

Expuxen esta conclusión ou, mellor dito, estas conclusións, aos meus camaradas, e eles pensaban o mesmo; todos coincidían en que era necesario seguir adiante e facer todo o posíbel para acadar a sociedade libre. É certo que algún deles, dos máis intelixentes, quedou un pouco abraiado coa exposición, non porque non estivese de acordo, senón porque nunca tiña visto as cousas así de claras, nin as dificultades que estas teñen... Pero en fin, coincidiron todos... Todos traballáramos pola grande revolución social, pola sociedade libre, coa xustificación do futuro ou sen ela! Formamos un grupo de persoas xustas e comezamos unha grande propaganda —grande, claro está, dentro dos límites que nos eran permitidos. Durante bastante tempo, entre dificultades, trapalladas e, ás veces, persecucións, seguimos traballando polo ideal anarquista.

O banqueiro, chegado a este punto, fixo unha pausa un pouco máis longa. Non acendeu o puro, que de novo se apagara. De súpeto, tivo un leve sorriso e, con aire de quen chega ao punto importante, fitoume con máis insistencia e proseguíu clarificando máis a voz e acentuando máis as palabras.

—Nesta altura, dixo, apareceu unha cousa nova. “Nesta altura” é unha maneira de falar. Quero dicir que, despois de algúns meses desta propaganda, comecei a

decatarme dunha nova complicación, e esta era a máis seria de todas, esta si que era seria de verdade...

Lémbrese, verdade?, daquilo que eu, cun raciocinio rigoroso, establecín que debía ser o proceso de acción dos anarquistas... Un proceso, ou procesos, a partir do que se contribuíse á destrución das ficcións sociais sen, ao mesmo tempo, impedir a creación da liberdade futura, sen impedir, polo tanto, de ningunha maneira, a pouca liberdade dos actuais oprimidos polas ficcións sociais; un proceso que, sendo posíbel, crease algo da liberdade futura...

Pois ben, unha vez establecido este criterio, nunca máis o deixei de ter presente... Pero, no momento da nosa propaganda, da que lle estou a falar, descubrí unha cousa. No grupo da propaganda —non éramos moitos, éramos corenta, salvo erro— dábase a seguinte situación: *creábase tiranía*.

—Creábase tiranía?... Como que se creaba tiranía?

—Da seguinte maneira... Uns mandaban noutros e levábanos para onde querían; uns impúñanse a outros e obrigábanos a ser o que eles querían; uns arrastraban a outros con mañas e artes para onde eles querían. Non digo que fixesen isto en cousas graves; non había mesmo cousas graves en que o facer. Pero de feito isto acontecía sempre e todos os días, e non se daba só en asuntos relacionados coa propaganda, senón tamén en asuntos da vida cotiá. Uns ían insensibelmente para xefes, outros insensibelmente para subordinados. Uns eran xefes por imposición, outros eran xefes por maña. Isto víase no feito máis simple. Por exemplo: dous dos rapaces ían xuntos por unha rúa adiante; chegaban ao fin da rúa e un tiña que ir para a dereita e outro para esquerda; a cada un convíñalle ir polo seu lado. Pero o que ía para a esquerda dicíalle ao outro, “Ven comigo por aquí”; o outro respondía, e era certo, “Home, non podo, teño que ir por alí”, por esta ou aquela razón... Pero finalmente, contra a súa vontade e a súa conveniencia, ía co outro para a esquerda... Isto era unha vez por persuasión, outra por simple insistencia e unha terceira por calquera outro motivo... É dicir, nunca era por unha razón lóxica; había sempre nesta imposición e nesta subordinación algo de espontáneo, de instintivo... E como neste caso simple, en todos os outros casos; desde os menos aos máis importantes... Entende ben a cuestión?

—Entendo; mais que raio hai de estraño niso? É totalmente natural!...

—Será. Xa imos a iso. O que lle pido é que entenda que iso é *exactamente o contrario da doutrina anarquista*. Decátese que isto pasaba nun grupo pequeno, nun grupo sen influencia nin importancia, nun grupo ao que non estaba confiada a solución de ningunha cuestión grave ou a decisión de calquera asunto de peso. E pense que isto pasaba nun grupo de xente que se unira especialmente para facer o que se puidese polo fin anarquista — é dicir, para combater, na medida do posíbel, as ficcións sociais, e crear, na medida do posíbel a liberdade futura. Reparou ben nestes dous puntos?

—Reparei.

—Agora fíxese ben no que isto representa... Un grupo pequeno de xente sincera (garántolle que era sincera!), establecido e unido para traballar pola causa da liberdade, tiña conseguido ao fin duns meses, só unha cousa positiva e concreta — *a creación entre si de tiranía*. E repare que tiranía... Non era unha tiranía derivada da acción de ficcións sociais, que, aínda que lamentábel, sería desculpábel, até certo punto; menos en nós, que combatíamos esas ficcións, ca noutras persoas; pero en fin, vivíamos no medio dunha sociedade baseada nesas ficcións e non era unicamente culpa nosa non poder fuxir da súa acción. Pero non era iso. Os que mandaban nos outros, ou os levaban para onde querían, non facían iso pola forza do diñeiro, ou da posición social, ou de calquera autoridade de natureza ficticia, que se atribuísen; facían por unha acción de calquera especie fora das ficcións sociais. É dicir, esta tiranía era, respecto ás ficcións sociais, *unha tiranía nova*. E era unha tiranía exercida sobre xente esencialmente oprimida xa polas ficcións sociais. Era, aínda por riba, tiranía exercida entre si por xente cuxo obxectivo sincero era destruír a tiranía e crear liberdade.

Agora traslademos o exemplo a un grupo moito maior, moito máis influente, tratando xa cuestións importantes e decisións de carácter fundamental. Poña ese grupo a encamiñar os seus esforzos, como o noso, para a formación dunha sociedade libre. E agora dígame se, a través dese cargamento de tiranías entrecruzadas, entrevé calquera sociedade futura que se pareza cunha sociedade libre ou cunha humanidade digna de si mesma...

—Certo, iso é moi curioso...

—É curioso, verdade? E pense que hai puntos secundarios tamén moi curiosos... Por exemplo: a tiranía do auxilio...

—A que?

—A tiranía do auxilio. Había entre nós quen, no canto de mandar nos outros, no canto de se impor aos outros, auxiliábaos en todo o que podía. Parece o contrario, verdade? Pois fíxese que vén sendo o mesmo. É a mesma tiranía nova. É o mesmo modo de ir contra os principios anarquistas.

—Esa si é boa! Por que?

—Auxiliar alguén, meu amigo, é tomar alguén por incapaz; e se ese alguén non é incapaz, é facelo tal ou supolo como tal, e isto é, no primeiro caso unha tiranía e, no segundo, un desprezo. No primeiro restrínxese a liberdade do outro; no segundo pártese, polo menos inconscientemente, do principio de que o outro é despreciable e indigno ou incapaz de liberdade.

Volvamos ao noso caso... Está a ver que ese punto era gravísimo. Vale que traballásemos pola sociedade futura sen esperarmos que ela nolo agradece, ou arriscándonos mesmo, a que ela nunca viñese. Todo isto, vale. Mais, estarmos a traballar para un futuro de liberdade, e non facer máis ca crear tiranía —pero tiranía nova, e exercida por nós, os oprimidos, uns sobre os outros— isto non podía ser...

Púxenme a pensar. Aquí había un erro, algunha equivocación. Os nosos obxectivos eran bos, as nosas doutrinas parecían certas; estarían errados os nosos procesos? Certamente debían estar. Pero onde diaño estaba o erro? Púxenme a pensar niso e case dou en tolo. Un día, de repente, como acontece sempre nestas cousas, dei coa solución. Foi o gran día das miñas teorías anarquistas; o día en que descubrín, por dicilo de algunha maneira, a técnica do anarquismo.

Fitoume un momento sen me ver. Despois continuou, no mesmo ton.

—Pensei... Temos aquí unha tiranía nova, unha tiranía que non deriva das ficcións sociais. Entón de onde deriva? Derivará das condicións naturais? Se é así, adeus sociedade libre! Se nunha sociedade onde están en xogo só as condicións naturais dos homes —aquelas condicións que nacen con eles, que só se deben á Natureza, e sobre as que non temos poder ningún—, se unha sociedade onde están en xogo só esas condicións é unha acumulación de tiranías, quen é o que vai mover un dedo para contribuír a que chegue esa sociedade? Tiranía por tiranía, que quede a que está, que polo menos xa estamos habituados a ela, e polo tanto, inevitabelmente, sentímola menos do que sentiríamos unha tiranía nova, e co carácter terríbel de todas as cousas tiránicas

que son directamente da Natureza —o non haber revolta posíbel contra ela, como non hai revolución contra o feito de morrer, ou contra o feito de nacer baixo cando se prefería ter nacido alto. Xa lle demostrei mesmo que, se por calquera razón non é realizábel a sociedade anarquista, entón debe existir, por ser máis natural ca calquera outra, agás esta, a sociedade burguesa.

Pero sería esta tiranía, nacida entre nós, realmente derivada das condicións naturais? Entón, que son as condicións naturais? Son un grao de intelixencia, de imaxinación, de vontade, etc., coa que nace cada un —isto no campo mental, está claro, porque as condicións naturais físicas non veñen ao caso. Pero un tipo que, sen ser por unha razón derivada das ficcións sociais, manda noutro, seguro que o fai por lle ser superior nunha ou noutra das condicións naturais. Domíno polo emprego das súas condicións naturais. Pero hai unha cousa que salienta: ese emprego das condicións naturais será lexítimo; é dicir, será *natural*?

Entón, cal é o emprego natural das nosas condicións naturais? Servir aos fins naturais da nosa personalidade. Mais, dominar alguén será un fin natural da nosa personalidade? Pode selo, hai un caso onde pode selo: cando ese alguén está para nós nunha posición de inimigo. Para o anarquista, obviamente, quen está nunha posición de inimigo é calquera representante das ficcións sociais e da súa tiranía; ninguén máis, porque todos os outros homes son homes coma el e camaradas naturais. Entón, como ve, a tiranía que estivemos creando entre nós non era esta, era aquela exercida sobre homes coma nós, camaradas naturais, e, aínda máis, sobre homes dobremente camaradas, porque tamén o eran pola comunión no mesmo ideal. Conclusión: a nosa tiranía, se non derivaba das ficcións sociais, tampouco derivaba das condicións naturais; derivaba dunha aplicación errada, dunha perversión das condicións naturais. E esa perversión, de onde proviña?

Había dúas posibilidades: ou de ser o home naturalmente malo, e polo tanto as condicións naturais seren *naturalmente pervertidas*, ou dunha perversión resultante da longa permanencia da humanidade nunha atmosfera de ficcións sociais, todas elas creadoras de tiranía, e tendente, polo tanto, a converter xa instintivamente tiránico o uso máis natural das condicións máis naturais. Pero, cal das dúas hipóteses sería a verdadeira? De xeito satisfactorio —é dicir, rigorosamente lóxico ou científico— era

imposíbel determinalo. O raciocinio non pode resolver o problema, porque el é de orde histórica, ou científica, e depende dos coñecementos dos *feitos*. Pola súa banda, a ciencia tampouco nos axuda, porque, por máis lonxe que recuemos na historia, encontramos sempre o home vivindo nun ou noutro sistema de tiranía social, e polo tanto sempre nun estado que non nos permite coñecer como é este cando vive en circunstancias puras e enteiramente naturais. Non habendo maneira de resolver a dúbida con exactitude, temos que tirar para o lado de maior probabilidade; e a maior probabilidade está na segunda hipótese. É máis natural supor que a longuísimas permanencia da humanidade en ficcións sociais creadoras de tiranía faga cada home nacer xa coas condicións naturais pervertidas no sentido de tiranizar espontaneamente, mesmo en quen non pretenda tiranizar, do que supor que as condicións naturais poden ser naturalmente pervertidas, o que, en certo modo, representa unha contradición. Por iso o pensador decántase, como tamén eu me decantei, case con toda a seguridade, pola segunda hipótese.

—Temos pois, algo evidente... No estado social presente non é posíbel que un grupo de homes —por moi boas intencións que teñan todos, por moi preocupados que estean en combater só as ficcións sociais e en traballar pola liberdade— traballen xuntos sen que espontaneamente creen entre si tiranía, sen crear entre si unha tiranía nova, supletoria das ficcións sociais, sen destruír na práctica todo canto queren na teoría, sen involuntariamente dificultar o propio obxectivo que queren promover. Que debemos facer entón? É moi simple... Traballarmos todos para o mesmo fin, *pero separados*.

—Separados?

—Si. Non seguiu o meu argumento?

—Seguín.

—E, non o ve lóxico? Non cre inevitábel esta conclusión?

—Si, si. O que non vexo ben é como iso...

—Xa llo vou aclarar... Eu dixen traballarmos todos para o mesmo fin, pero separados. Traballando todos para o mesmo fin anarquista, cada un contribúe co seu esforzo á destrución das ficcións sociais, que é a meta, e á creación da sociedade libre do futuro; e traballando separados non podemos, de *ningún xeito*, crear tiranía nova, porque ninguén ten acción sobre outro, e polo tanto non pode, nin, dominándoo, diminuírlle a liberdade, nin auxiliándoo, quitarlla.

Traballando así separados e para o mesmo fin anarquista, temos as dúas vantaxes: a do esforzo conxunto, e a da non creación de tiranía nova. Continuamos unidos, porque o estamos moralmente e traballamos do mesmo modo para mesmo fin: continúamos anarquistas, porque cada un traballa para a sociedade libre; pero deixamos de ser traidores, voluntaria ou involuntariamente, da nosa causa, deixamos mesmo de poder selo, porque nos colocamos, polo traballo anarquista illado, fóra da influencia deleteria das ficcións sociais, no seu reflexo hereditario sobre as condicións que a Natureza deu.

Está claro que toda esta táctica se aplica ao que eu chamei o período *de preparación* para a revolución social. Cando as defensas burguesas estean arruinadas e cando a sociedade enteira estea reducida ao estado de aceptación das doutrinas anarquistas, e só falte a revolución social, entón, para o golpe final, non pode continuar a acción separada. Pero, daquela, a sociedade libre chegará, polo menos, virtualmente, e as cousas serán doutra maneira. A táctica a que me refiro só se refire á acción anarquista no medio da sociedade burguesa, como no grupo ao que eu pertencía.

Era ese —por fin!— o verdadeiro proceso anarquista. Xuntos, non eramos importantes, e ademais, tiranizabámonos, e estorbabámonos uns aos outros e ás nosas teorías. Separados, tampouco conseguiríamos moito, pero polo menos non impediamos a liberdade, non creábase tiranía nova; o que conseguíamos, por pouco que fose, conseguíase realmente, sen desvantaxe nin perda. E, ademais, traballando así separados, aprendíamos a confiar máis en nós mesmos, a non nos apoiar uns nos outros, converténdonos ao tempo en máis libres, preparándonos, tanto nós coma os outros, para o futuro.

Quedei estupefacto con este descubrimento. Logo llo expuxen aos meus camaradas... Foi unha das poucas veces que fun estúpido na miña vida. Estaba tan cheo co meu descubrimento que esperaba que eles o aceptasen!...

—Non o aceptaron, está claro...

—Protestaron, meu amigo, protestaron todos! Uns máis, outros menos, todos protestaron!... Non era así!... Iso non podía ser!... Pero ninguén dicía o que era ou o que había de ser. Argumentei e argumentei, e, en resposta aos meus argumentos, só obtiven frases, lixo, cousas coma esas que os ministros responden nas cámaras cando non teñen ningunha resposta... Entón vin con que clase de bestas e covardes andaba metido!

Desenmascaráronse. Aqueles desprezábeis tiñan nacido para escravos. Querían ser anarquistas grazas aos outros. Querían a liberdade, sempre a cando lla arranxasen os outros, que lles fose dada como un rei dá un título! Case todos eles son así, grandes lacaios!

—E vostede, enfadouse?

—Se me enfadei! Enfurecinme! Comecei a dar couces. Alporiceime. Case pelexo con dous ou tres. E acabei por marchar. Illeime. Collinlle un noxo a aqueles carneiros todos, que nin imaxina! Case renego do anarquismo. Case decido non me preocupar máis por todo aquilo. Pero, pasados uns días, volví en min. Pensei que o ideal anarquista estaba por enriba destes infortunios. Eles non querían ser anarquistas? Seríao eu. Eles só querían xogar aos libertarios? Eu non estaba para xogar nun tema coma este. Eles non tiñan forza para combater sen se apoiar uns nos outros, e creando, entre si, un simulacro novo da tiranía que dicían querer combater? Pois que o fixesen, os parvos, senón servían para nada máis. Eu non ía ser burgués por tan pouco.

Estaba establecido que, no verdadeiro anarquismo, cada un ten que, polas súas propias forzas, crear liberdade e combater as ficcións sociais. Pois eu coas miñas forzas ía crear liberdade e combater as ficcións sociais. Ninguén me quería seguir no verdadeiro camiño anarquista? Seguiría *eu* por el. Iría eu só, cos meus propios recursos, coa miña fe, sen o acompañamento mesmo do apoio mental dos que tiñan sido os meus camaradas, contra as ficcións sociais enteiras. Non digo que fose un xesto belo, nin un xesto heroico. Foi simplemente un xesto natural. Se o camiño tiña que ser seguido por cada un de forma separada, eu non precisaba de ninguén máis para continuar. Bastaba o meu ideal. A decisión de combater as ficcións sociais, por min mesmo, baseouse nestes principios e nestas circunstancias.

Suspendeu un pouco o discurso, xa entón quente e fluído. Retomouno pouco despois, coa voz xa máis sosegada.

—É un estado de guerra, pensei; eu contra as ficcións sociais. Moi ben. Que podo facer contra as ficcións sociais? Traballo só, para non poder, de ningún modo, crear calquera tiranía. Como podo colaborar só na preparación da revolución social, na preparación da humanidade para a sociedade libre? Teño que escoller un dos dous procesos existentes; sempre, claro está, que non poida servirme de ambos. Os dous

procesos son a acción indirecta, é dicir, a propaganda, e a acción directa, de calquera especie.

Pensei primeiro na acción indirecta, é dicir, na propaganda. Que propaganda podería facer eu só? Ademais da propaganda que sempre se vai facendo en conversas, con este e con aquel, sen pensar e servíndonos de todas as oportunidades, o que eu quería saber era se a acción indirecta era un camiño por onde puidese encamiñar a miña actividade de anarquista de xeito enérxico; é dicir, de maneira que se producisen resultados sensíbeis. Logo vin que non podía ser. Non son orador nin escritor. É dicir: son capaz de falar en público, se for necesario, e son capaz de escribir un artigo xornalístico; pero o que eu quería saber era se o meu feitío natural indicaba que, especializándome na acción indirecta, en calquera das dúas especies ou en ambas, podería obter resultados *máis positivos* para a idea anarquista que dirixindo os meus esforzos en calquera outro sentido. A acción sempre é máis proveitosa cá propaganda; agás para os individuos cun feitío esencialmente propagandístico —os grandes oradores, capaces de electrizar multitudes e arrastralas tras de si, ou os grandes escritores, capaces de fascinar e convencer cos seus libros. Non me parece que sexa moi vaidoso, mais, se o son, non me dá, polo menos, por envaidecer daquelas condicións que non teño. E, como lle dixen, nunca me considerei orador ou escritor. Por iso abandonei a idea da acción indirecta como o camiño a seguir na miña actividade anarquista. Por eliminación, estaba obrigado a escoller a acción directa; é dicir, o esforzo aplicado á práctica da vida, á vida real. Non importaba a intelixencia, senón a acción. Moi ben, así sería.

Tiña pois que aplicar á vida práctica o proceso fundamental da acción anarquista que xa tiña claro —combater as ficcións sociais sen crear tiranía nova, creando xa, se fose posíbel, algo da liberdade futura. Pero, como se fai iso na práctica?

Que significa combater na práctica? Combater na práctica é a *guerra*, é *unha* guerra, polo menos. Como se lle fai a guerra ás ficcións sociais? Antes de máis, como se fai a guerra? Como se vence ao inimigo en calquera guerra? De dúas maneiras: ou matándoo, é dicir, destruíndoo; ou aprisionándoo, é dicir, subxugándoo, reducíndoo á inactividade. *Destruír* as ficcións sociais non o podía facer; *destruír* as ficcións sociais só o podía facer a revolución social. Até alí, as ficcións sociais podían estar abaladas, pendentes dun fio; pero *destruídas*, só o estarían coa chegada da sociedade libre e a caída positiva da sociedade burguesa. O máximo que podería facer nese sentido era

destruír —destruír no sentido físico de matar— un ou outro membro das clases representativas da sociedade burguesa. Estudei o caso, e vin que era unha asneira. Supoña que mataba un ou dous, ou unha ducia de representantes da tiranía de ficcións sociais... Cal sería o resultado? As ficcións sociais quedarían máis abaladas? Claro que non. As ficcións sociais non son coma unha situación política que pode depender dun pequeno número de homes e, ás veces, dun só home. O que hai de malo nas ficcións sociais son elas propias, no seu conxunto, e non os individuos que as representan agás por ser representantes delas. Despois, un atentado de orde social produce sempre unha reacción, e ademais de quedar todo como estaba, na maior parte dos casos, empeora. E, aínda por riba, supoña, como é natural, que, despois dun atentado, me cazasen; me cazasen e liquidasen dunha maneira ou doutra. E supoña que tivese acabado cunha ducia de capitalistas. Como acabaría isto, en resumidas contas? Coa miña liquidación, aínda que non fose por morte, senón por simple prisión ou exilio, a causa anarquista perdería un elemento de combate: e os doce capitalistas, que eu tería sacado do medio, non serían doce elementos importantes para a sociedade burguesa, porque os elementos compoñentes da sociedade burguesa non son elementos de combate, son elementos puramente pasivos, posto que o ‘combate’ está, non nos membros da sociedade burguesa, senón no conxunto de ficcións sociais na que esa sociedade se asenta. Pero as ficcións sociais non son xente nas que se poida dar tiros... Comprende? Non sería como o soldado dun exercito que mata doce soldados dun exército contrario; sería como un soldado que mata doce civís da nación do exército contrario. Sería matar por matar, xa que non se eliminaría ningún combatente... Polo tanto non podía pensar en *destruír*, nin parcial nin totalmente, as ficcións sociais. Tiña entón que subxugalas, vencelas subxugándoas, reducíndoas á inactividade.

Apuntoume de súpeto co dedo índice dereito!

—Foi o que fixen!

Retirou logo o xesto e continuou.

—Tentei ver cal era a primeira, a máis importante, das ficcións sociais. Sería esa, máis do que ningunha outra, a que me interesaba subxugar, reducir á inactividade. A máis importante, da nosa época polo menos, é o diñeiro. Como subxugar o diñeiro ou,

en palabras máis precisas, a forza, ou a tiranía do diñeiro? Facéndome libre da súa influencia, da súa forza, superior por tanto, da súa influencia, reducíndoo á inactividade sen importarme o máis mínimo. Comprende o sentido de “sen importarme o máis mínimo”? era *eu* quen o combatía: se fose reduci-lo á inactividade para todo o mundo, non sería subxugalo; senón *destruílo*, xa que sería liquidar a ficción do diñeiro. Pero xa lle demostrei que unha ficción social só pode ser ‘destruída’ pola revolución social, arrastrada coas outras na caída da sociedade burguesa.

Como podía facerme superior á forza do diñeiro? O proceso máis simple era afastarme da esfera da súa influencia; é dicir, da civilización; indo para un campo, comendo raíces, bebendo auga dos nacentes, nu e vivindo como un animal. Mais isto, mesmo sen haber dificultade para facelo, non sería combater unha ficción social; non sería, a dicir verdade, combater, sería fuxir. Realmente, quen evita pelexar nun combate, non é derrotado nel. Pero moralmente, si é derrotado, xa que non loitou. O proceso tiña que ser outro —un proceso de combate e non de fuga. Como subxugar o diñeiro, combaténdoo? Como agocharme da súa influencia e tiranía, sen evitar o seu encontro? Só había un camiño— *adquiríndoo*, adquiríndoo en suficiente cantidade como para non sentir a súa influencia; e canta máis cantidade adquirise, máis libre estaría desa influencia. Cando vin isto claro, entrei na fase actual —a comercial e bancaria— do meu anarquismo, con toda a forza da miña convicción anarquista e con toda a miña lóxica de home intelixente.

Descansou un momento a violencia, novamente crecida, do seu entusiasmo pola exposición. Despois continuou, aínda cun certo calor, a súa narrativa.

—Mais, lembra aquelas dúas dificultades lóxicas que, como lle dixen, me apareceran no inicio da miña carreira de anarquista consciente? E, lembra que lle dixen que, daquela, resolvéraas de xeito artificial, polo sentimento e non pola lóxica? E máis, mesmo notou, e moi ben, que non as resolvera pola lóxica...

—Lembro, si...

—E lémbrese de lle eu dicir que, máis tarde, cando por fin cheguei ao verdadeiro proceso anarquista, resolvíno de vez, é dicir, pola lóxica?

—Lembro.

—Comprobe entón como quedaron resoltas... As dificultades eran as seguintes: non é *natural* traballar para algo, sexa o que for, sen unha compensación *natural*, é dicir, egoísta; e, por outra banda, non é natural dar o noso esforzo para un fin sen ter a compensación de saber *que ese fin se alcanza*. Estas eran as dúas dificultades; pero repare como quedan resoltas polo proceso de traballo anarquista que o meu raciocinio me levou a descubrir como sendo o único verdadeiro... O resultado do proceso é o meu enriquecemento; *polo tanto, compensación egoísta*. O proceso ten como obxectivo a consecución da liberdade; entón eu, facéndome superior á forza do diñeiro, é dicir, librándome dela, *consigo liberdade*. Só consigo liberdade para min, é certo; pero como xa lle demostrei, a liberdade para todos só pode vir coa destrución das ficcións sociais, pola revolución social, e eu, só, non podo facer a revolución social. Este é o punto concreto: teño como obxectivo a liberdade, acádoa; é dicir, acado a liberdade que podo, porque, como é obvio, non podo acadar a que non podo... E vexa, deixando de lado o raciocinio que determina este proceso anarquista como o único verdadeiro, o feito de que resolva automaticamente as dificultades lóxicas, que se poden opor a calquera proceso anarquista, proba aínda máis que el é o verdadeiro.

Pois foi este o proceso que seguín. Dei comezo á empresa de subxugar a ficción do diñeiro, enriquecendo. Conseguinte. Demorou un certo tempo, porque a loita foi grande, mais conseguino. Escuso de lle contar o que foi e o que ten sido a miña vida comercial e bancaria. Podería ser interesante, sobre todo en certos puntos, pero xa non fai parte do tema. Traballei, loitei, gañei diñeiro; traballei máis, loitei máis, gañei máis diñeiro; gañei, finalmente, moito diñeiro. Non me importaron os medios —confésolle, meu amigo, que non me importaron en absoluto; empreguei todo canto hai— o acaparamento, o sofisma financeiro, a propia competencia desleal... Que! Combatía as ficcións sociais, inmorais e artificiais por excelencia, por que me habían de importar os medios? Traballaba pola liberdade, por que me habían de importar as armas utilizadas para combater a tiranía? O anarquista estúpido, que lanza bombas e pega tiros, ben sabe que mata, e ben sabe que as súas doutrinas non inclúen a pena de morte. Ataca unha immoralidade cun crime, porque considera que a destrución desta ben o vale. Con respecto ao proceso, é estúpido, porque, como xa lle demostrei, ese proceso esta errado e é contraproducente *como proceso anarquista*; agora ben, con respecto á moral do proceso, é intelixente. Mais o meu proceso era sensato e servínme, lexitimamente, como anarquista, de todos os medios para me enriquecer. Hoxe realicei o meu limitado soño

de anarquista práctico e intelixente. Son libre. Fago o que quero, dentro, claro está, do que é posíbel facer. O meu lema de anarquista era a liberdade; pois ben, teño a liberdade, a liberdade que, polo momento, na sociedade imperfecta, é posíbel ter. Quixen combater as forzas sociais; combatinas e, aínda máis, vencinas.

—Alto aí! Alto aí! —dixen. Todo isto está moi ben, pero hai unha cousa que non viu. As condicións do seu proceso eran, como probou, crear liberdade, ao tempo que *non creaba tiranía*. Pero creou tiranía; como acaparador, como banqueiro, como financeiro sen escrúpulos —desculpe, mais foi o que dixó— creou tiranía. Creou tanta tiranía coma calquera representante das ficcións sociais que di combater.

—Non, meu amigo. Engánase. Non creei tiranía. A tiranía, resultante da miña acción de combate contra as ficcións, é unha tiranía que non emana de min, que, polo tanto, eu non creei; *está nas ficcións sociais; eu non a adherín*. Esa tiranía é a tiranía *propia das ficcións sociais*; e eu non podía, nin me propuxen, *destruír* as ficcións sociais. Por centésima vez lle repito: só a revolución social pode destruír as ficcións sociais; até entón, a acción anarquista perfecta, como a miña, só pode *subxugar* as ficcións sociais, subxugasas só con relación ao anarquista que pon ese proceso en práctica, porque ese proceso non permite unha dependencia máis ampla desas ficcións. Non se trata de non crear tiranía, trátase de non crear *tiranía nova*, tiranía *onde non había*. Os anarquistas, ao traballar en conxunto, influenciándose entre si como lle dixen, crean, ademais das ficcións sociais, unha tiranía, e esta si é unha tiranía nova. Eu non creei esa. Non a podería crear aínda que quixese, *polas propias condicións do meu proceso*. Non meu amigo, eu só creei liberdade. Liberei *un*. Libereime eu. O meu proceso que, como lle demostrei, é o único realmente anarquista, non me permitiu liberar máis. O que puiden liberar, libereino.

—Está ben... Concordo... Pero fíxese que, por esa regra de tres, todo o mundo poderá chegar a pensar que ningún representante das ficcións sociais exerce tiranía.

—E non a exerce. A tiranía é propia da ficcións e non dos homes que as representan; eses son, por dicilo dalgunha maneira, os *medios* dos que se serven as ficcións para tiranizar, como a navalla é o medio do que se serve o asasino. E vostede seguro que non pensa que, abolindo as navallas, extinga os asasinados. Imaxine que acaba con todos os capitalistas do mundo, mais non co capital. Ao día seguinte, o capital, xa

nas mans doutros, continuará, grazas a *estes*, exercendo a súa tiranía. Acabe co capital, non cos capitalistas; cantos capitalistas quedan?... Ve?...

—Si, ten razón.

—Amigo, como moito, moito, moito, pódeme acusar de ter aumentado un pouco —moi, moi pouco— a tiranía das ficcións sociais. O argumento é absurdo, porque, como lle dixeran, a tiranía que non debía crear, e non creei, é outra. Pero aínda ten outro punto débil: pense que, polo mesmo raciocinio, vostede pode acusar un xeneral, que combata polo seu país, de causar a este o prexuízo do número de homes do seu propio exército que tivo que sacrificar para vencer. Quen vai á guerra, dá e leva. Consígase o principal, o resto...

—Moi ben... Pero, unha cousa... O verdadeiro anarquista quere a liberdade tanto para si como para os outros... Creo que quere a liberdade para toda a humanidade...

—Sen dúbida. Pero xa lle dixeran que, por medio do proceso que descubrín, o único realmente anarquista, cada un ten que liberarse a si mesmo. Eu libereime a min; cumprín co meu deber, *de xeito simultáneo comigo e coa liberdade*. Por que razón os outros, os meus camaradas, non fixeron o mesmo? Eu non llo impedín. Se o fixese, si sería un crime. Pero nin sequera lles oculte o verdadeiro proceso anarquista, logo que o descubrín, díxenllo claramente a todos. O propio proceso impedíame facer máis. Que máis podía facer? Obrigalos a seguir o camiño? Aínda que o puidese facer, non o faría, porque sería tirarlles a liberdade, e iso era contra os meus principios anarquistas. Auxílialos? Tampouco podía ser, pola mesma razón. Nunca axudei, nin axudo, ninguén, porque iso, equivale a diminuír a liberdade allea, e tamén está contra os meus principios. Estame a censurar o feito de eu non ser máis ca un. Por que me censura o cumprimento do meu deber á liberdade, até onde o podía cumprir? Por que non os censura a eles por non teren cumprido o seu?

—Que si, home. Pero esas persoas non fixeron o que vostede fixo simplemente, porque eran menos intelixentes ca vostede, porque carecían de tanta vontade ou porque...

—Ah... meu amigo! Pero esas xa son desigualdades naturais, e non sociais... e o anarquismo nada ten que ver con elas. O grao de intelixencia ou de vontade dun individuo é propio del e debido á súa Natureza; as verdadeiras ficcións sociais nada teñen que ver con iso. Hai condicións naturais, como lle dixeran, que se chegan a

perverter, nunha grande porcentaxe, pola longa permanencia da humanidade entre as ficcións sociais; mais a perversión non está no *grao* da condición, que é absolutamente dado pola Natureza, senón na *aplicación* desta. Pero, algo relativo á estupidez ou á falta de vontade nada ten que ver coa aplicación desas condicións, senón unicamente co grao delas. Por iso lle digo que esas xa son desigualdades naturais, e sobre elas ninguén ten o mínimo poder, nin hai modificación social que as modifique, así como tampouco existe a posibilidade de ser eu máis alto ou vostede máis baixo...

A non ser... A non ser que, neses tipos, a perversión hereditaria das condicións naturais chegue tan lonxe que alcance a propia esencia do temperamento... É dicir, que un tipo naza para escravo, naza naturalmente escravo e, polo tanto, incapaz de calquera esforzo para acadar a súa liberación... Pero nese caso..., nese preciso exemplo, que relación existe entre eles e a sociedade libre, ou a liberdade? Se un home naceu para escravo, a liberdade, ao ser contraria á súa índole, será para el unha tiranía.

Houbo unha pequena pausa. De súpeto rin alto.

—Sinceramente —dixen— vostede é anarquista. En calquera caso, mesmo despois de telo oído e comparándoo cos outros anarquistas que andan por aí, non podo deixar de rir.

—Meu amigo, xa llo dixen, xa llo demostrei, e agora repítollo... A única diferenza é esta: eles son anarquistas só na teoría, eu na teoría e na práctica; eles son anarquistas místicos e eu científico; eles son anarquistas que se agochan, eu anarquista que combate e libera... Nunha palabra: eles son pseudoanarquistas e eu anarquista.

E levantámonos da mesa.

Lisboa, xaneiro de 1922.